



CAMPIONATO PROVINCIAL EMBARCACIÓN FONDEADA LUGO

11 de MAIO – 2024 (data alternativa 18 de maio)

FISTERRA

Esta competición desenvolverase conforme a estas bases, ao regulamento da FGPeC, e conforme ás normas vixentes en materia de pesca que rexen na Comunidade Autónoma de Galicia.

Características Técnicas do Escenario

Haberá varios posibles escenarios. Segundo o vento e o mar que atopemos na mañá da competición o Comité decidirá en cal se pesca.

PROGRAMA :
6,00 Horas: Recepción de pescadores no porto.
6,15 Horas: Sorteio de embarcacións, recollida de cebo
6,30 Horas: Saída cara o escenario da competición
7,15 Horas: Comezo da 1ª manga
10,15 Horas: Fin da 1ª manga
11,00 Horas: Pexase
11,30 Horas: Pausa bocadillo e saída dos deportistas cara o escenario da Competición.
12,15 Horas: Comezo da 2ª manga
15,15 Horas: Fin da competición
16,00 Horas: Pexase, publicación de clasificacións entrega de trofeos

(Estes horarios poderán ser modificados por circunstancias climatolóxicas, por seguridade ou por imprevistos)

BASES

XURADO: A súa composición nominal darase a coñecer, despois de feito o sorteio.

MANGAS: A Competición desenvolverase en dúas mangas de 3 horas de duración cada unha. As mangas poderán acurtarse ou suspenderse por motivos de seguridade.



DEPORTE
GALEGO

SORTEO: A distribución dos deportistas nas distintas embarcacións resolverase por sorteo.

CONTROIS: A función de controis farana os patróns, que vixiarán o cumprimento das normas da competición e informarán ao Xuíz do seu incumprimento. Os patróns son a máxima autoridade mentres se estea embarcado. As súas decisións son inapelables.

MATERIAL DEPORTIVO:

CANAS: O deportista só poderá ter unha cana en acción de pesca. Durante a acción normal de pesca a cana debe sosterse nas mans, sen apoiala nin fixala á embarcación. Os deportistas poderán ter montada de reserva outra cana, pero sen o baixo de liña. As canas terán unha lonxitude máxima de 5 metros, con carrete, un mínimo de 4 argolas e baixo de liña lastrado.

CARRETES: De uso opcional, manual ou automático, de bobina fixa ou xiratoria. Prohibidos os carretes eléctricos.

LIÑAS: Libres, tanto no seu diámetro coma na súa composición. Está prohibido o uso de flotadores na liña.

BAIXOS DE LIÑA: Son libres en diámetro e composición, incluso metálicos. Poderán ir provistos dun máximo de tres anzois simples. A lonxitude será discrecional, non obstante non poderán superar o largo da cana. Os baixos de liña de reserva deberán permanecer debidamente gardados.

LASTRES: O seu peso será discrecional en función do vento e da corrente. En todo caso o seu peso non será inferior a 80 grs e deberá sempre tocar fondo. En ningún caso se permitirá que a deriva por corrente ou vento moleste aos deportistas contiguos. De ser así ao infractor daráselle un aviso. De reproducirse ese feito será expulsado da competición.

ANZOIS. Cunha medida mínima de 5 mm de ancho total. Os deportistas non poden estar en posesión de anzois cunha apertura inferior a 5 mm. de ancho total. Quen infrinxa esa norma será desclasificado desa manga. De reiterarse esa circunstancia será expulsado da competición.

CAIXÓNS. Dunha medida máxima de 40 Cm de largo por 30 Cm de ancho.

PERMÍTESE:

Utilizar, sempre fóra do anzol, materiais atraentes coma culleriñas brillantes, perlas e plumas coloreadas, pezas fosforescentes, etc.

Un máximo de tres perlas flotantes en cada baixo de liña, cuxa dimensión máxima de cada unha delas sexa de 15 mm.



DEPORTE
GALEGO

O fío elástico para fixar o cebo no anzol.

O uso de elementos auxiliares coma o redefol ou o bicheiro. Este último debe estar desprovisto de arponciño. Os redefoles e os bicheiros son de uso persoal, eventualmente, permítese prestalos entre deportistas da mesma embarcación.

Embarcar un só caldeiro (capacidade máxima 17 litros) e un só caixón por deportista.

NON SE PERMITE:

O uso e tenencia de produtos ou elementos atraentes olorosos.

O uso de anzois dobres ou triplas.

CAPTURAS: As pezas presentadas á pexase, inferiores en 1 cm. á medida mínima legal establecida pola Consellería de Pesca, serán penalizadas descontando o seu peso do total obtido. Non serán admitidas como válidas as seguintes especies: muxo, congro, xurelo e xarda.

CEBO: Será igual para tódolos participantes, e constará de 6 caixas de coreano e 200 grs. de lagostino por manga. O cebo subministrarao a Federación Galega de Pesca e Casting.

CLASIFICACIÓNS: Outorgaráselle un punto por gramo do total do peso obtido na pesaxe. Seguirase o criterio secuencial de clasificación individual sector, manga e final. Cada embarcación será un sector e procurárase que pesquen catro deportistas por embarcación.

REGULAMENTO: Para as sancións aplicarse o Regulamento disciplinario da FGPeC. En canto ao resto das normas non previstas nestas bases, aterémonos ao que resolva o xuíz da competición ou o Comité da Proba.

INSCRICIÓNS: Os participantes pagaran unha inscrición de 50.- € por deportista, (25 embarcación máis 25 de cebo), que deberán ser ingresados na conta da FGPeC **ES34 2080 0176 9630 4001 0672**. As inscricións cómpre facelas, incluíndo o xustificante do ingreso, ao correo delegadocoruna@fgpesca.org e a data linde para facelo é o 2 de maio do 2024 ata as 14,00 horas.

Unha vez feitas as inscricións que a cada club lle corresponden, os clubs que así o desexen, poderán inscribir máis deportistas, pagando unha cota de inscrición suplementaria de 25.- € por deportista inscrito a máis (total 75.- €). No caso de que as inscricións superen a capacidade do escenario, as prazas adxudicaranse de forma proporcional ao número de tarxetas federativas que cada club tivese tramitadas na tempada 2023.



DEPORTE
GALEGO

Informarase aos clubs implicados neste procedemento sobre o número de tarxetas federativas que cadaún deles tramitou na tempada 2023.

Os dez primeiros deportistas clasificados obterán praza no vindeiro campionato autonómico da especialidade. No caso de que algún deses dez postos o ocupase un deportista descendido do selectivo 2023, correrase a clasificación tantos postos coma deportistas descendidos ocupen esas prazas.

Os participantes deberán de estar en posesión das licenzas federativas e de pesca en vigor. Os clubs polos que compitan deberán de estar ao corrente das súas obrigas coa Federación Galega de Pesca e Casting.

Alterar ou entorpecer o normal desenvolvemento da proba será motivo de expulsión inmediata da mesma. Elevarase acta da competición ao Comité de Disciplina que, de ser o caso, actuará de oficio.

PARA QUE ESTA COMPETICIÓN SE DESENVOLVA DEBERÁ HABER UNHA PARTICIPACIÓN DE COMA MÍNIMO 12 DEPORTISTAS.

Queda terminantemente prohibido o consumo de tabaco no transcurso de tódalas competicións oficiais organizadas pola Federación Galega de Pesca e Casting, dende a entrada aos postos ata o final da proba, establecéndose as correspondentes sancións, se é o caso, para quen as incumpra.

Cómpre levar posto o chaleco salvavidas durante todo o tempo que se estea embarcado. Expulsarase da competición a quen incumpra esta obriga e a quen non acate inmediatamente as decisións do patrón da embarcación na que estea a bordo.

A organización poderá controlar antes, durante ou despois da competición, o peso dos chumbos que os deportistas teñan no seu poder. En caso de estar en posesión de lastres dun peso inferior aos 80 grs serán desclasificados.

Esta competición é solidaria con Cáritas Fisterra. Tódalas capturas acadadas nesta proba seranlles entregadas a Cáritas Fisterra.

A organización non servirá nin fará servir ningunha sorte de avituallamento.

Inscribirse nesta competición significa aceptar ser incluído no grupo de wassap da mesma sen previa solicitude de autorización.

D. RAMÓN SOUTO PÉREZ
Presidente do Comité de Embarción Fondeada da FGPeC